

ANÁLISE INDIVIDUAL DA CANCIÓN

“MOVIMIENTO” – JORGE DREXLER

Escoita a canción “Movimiento”, do cantautor uruguaio Jorge Drexler. Para facelo, preme na seguinte ligazón, que te levará ao seu videoclip oficial.

<https://www.youtube.com/watch?v=IIGRyRf7nH4>

Se necesitas fixarte mellor na letra, podes ver este outro vídeo no que aparece a medida que el a vai cantando.

<https://www.youtube.com/watch?v=rGL JSfpAqU>

E tamén podes consultar a letra directamente aquí.

<https://www.letras.com/jorge-drexler/movimiento/>

Por último, se queres facer feliz á túa profesora de anatomía (e aínda non quedaches farta ou farto da canción), podes escoitar esta versión en directo (a canción “Movimiento” é a primeira que canta, pero todo o concerto é moi recomendable).

<https://www.youtube.com/watch?v=qn6rgisZm1M&t=1040s>

Agora contesta de maneira individual ás seguintes preguntas:

- Que significa a palabra “trashumantes”?
- Cando a letra di “fuimos la gota de agua viajando en el meteorito”, podería facer referencia á teoría da panspermia e á teoría da sopa ou caldo primitivo. Busca información sobre as dúas e explica a súa relación con este fragmento da letra.
- Jorge Drexler repite varias veces no retrouso “es más mío lo que sueño que lo que toco; yo no soy de aquí, pero tú tampoco”. A que cres que se refire con estas palabras?
- O videoclip oficial da canción protagonízao, ademais do cantautor, unha rapaza. Quen é? Cres que o “movimiento” que fai ela e o “movimiento” ao que se refire Jorge Drexler na súa canción son o mesmo?
- Que opinas sobre a canción? Gustouche a súa temática? Por que?

Formato

Envía un documento de texto editable, con letra Arial 12, interliñado 1,15 e xustificado.

A súa extensión mínima do texto debe ser de 250 palabras.

Entrega

Ata o venres 16 de xaneiro ás 23:59, mediante a Aula Virtual.